

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN
CURSO 3º
DATA: 10 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua castelá e literatura.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
LCB2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.3.5. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua galega e literatura.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (es infantís, libros, carteis).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.5. Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Ciencia sociais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados,	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.

valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	
B1.3.Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CSB1.3.1.Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC
B2.5.Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.	CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais mais usuais e básicos que poden aparecer nel.
B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-Ciencias da natureza.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.

B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.
B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.
B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.2. Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua estranxeira: Inglés

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsión en a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.
B.3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B.4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB 4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiña traballadas previamente de forma oral.
B.5.10 Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.	PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Relixión católica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BL1.1 Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorna son un	1.1 Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os

don de Deus para a súa felicidade.	amigos ou a contorna son un agasallo.
BL 1.2 Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.	2.1 Distingue ou enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.
BL 2.1 Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.	1.2 Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.
BL 2.3 Recoñece e valora os signos de amizade de Deus co seu pobo.	3.2 Interésase e agradece os signos do cuidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Valores sociais e cívicos.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.
B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de empréndemete para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.6.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.
B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.
B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.
B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación musical.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	EMB2.2.2. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación plástica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
	EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas
	EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
	EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía.
B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación física.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo	EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas.
	EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

Competencias Clave

- CCL: Coñecer o vocabulario básico e específico de cada área; expresar de forma oral e escrita as súas emocións; e ter unha actitude de diálogo crítico e construtivo.
- CMCT: Coñecer os números e as medidas básicas aplicadas nas distintas áreas; resolver e realizar problemas matemáticos con operacións.
- CD: Usar os recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas.
- CAA: Síntese protagonistas do proceso e resultado da súa aprendizaxe.
- CSC: Aplicar os valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade); e respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- CSIEE: Manifestar certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ter iniciativa na toma de decisións.
- CCEC: Valorar, identificar e utilizar manifestacións culturais propias de Galicia e outras culturas; Crear e reproducir obras propias con elementos artísticos e culturais.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Seguindo a orde do 9 de xuño de 2016 no artigo 2 a avaliación caracterízase por ser un proceso continuo e global. Por tanto, terase en conta os resultados obtidos na primeira avaliación, os obtidos na segunda, facendo especial fincapé na evolución do alumnado. Centrarse tamén no esforzo, interese e participación das tarefas propostas para o terceiro trimestre (Nunca baixando a nota, sempre subindo se é o caso).</p> <p>Instrumentos: 3º Trimestre: Os instrumentos de avaliación son o papel activo do alumnado e a revisión de tarefas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación obtérase do seguinte xeito: Alumnado do que se non ten seguimento: Mesmo nota que na segunda avaliación. Alumnado do que se ten seguimento: Partirase da nota da segunda avaliación e se o alumnado cumpre co marcado nos instrumentos de avaliación pode subirse a nota.</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Na terceira avaliación as actividades son de repaso, reforzo, recuperación e ampliación, por iso semanalmente o alumnado ten acceso a actividades sobre esta materia.

As actividades teñen o seguinte deseño:

LENGUA CASTELLANA E LINGUA GALEGA: Actividades de comprensión lectora e comprensión oral, creación de textos a partir dun tema dado, resumos dos textos, actividades de completar ou relacionar con gramática y/o ortografía, actividades de expresión oral como gravación de vídeos lendo un conto, facer entrevistas, narrar experiencias, kahoots...

MATEMÁTICAS: fichas de resolución de problemas, fichas de cálculo e xogos online (Quizziz)

CIENCIAS NATURAIS E SOCIAIS: actividades online (kahoot, google forms), fichas interactivas (liveworksheets), fichas para completar ou relacionar contido, realización de vídeos onde explican coas súas palabras algún tema, pasatempos (sopas de letras e encrucillados)

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS: pasatempos (sopas de letras e encrucillados), visualización de vídeos e reflexións sobre os mesmos, actividades de completar.

LINGUA ESTRANXEIRA: Actividades de repaso do vocabulario e estruturas gramaticais aprendidas no primeiro e segundo trimestre. Non se ampliará novos conceptos, pero usaranse contos e cancións non vistos para reforzar os contidos. As actividades deseñadas son primeiro de comprensión de textos orais (unir, escoller a imaxe correcta, numerar) seguidas de comprensión e produción de textos escritos (recho de espazos, unir, verdadeiro ou falso).

EDUCACIÓN MUSICAL: actividades de interpretación (vocais, instrumentais ou corporais), actividades de creativas ou de investigación, audicións e fichas de contido traballado en clase ou de ampliación (claves, instrumentos, figuras, compositores, etc.).

RELIXIÓN: Actividades de completar, colorear, encrucillados, cuestionarios, memorizar, sopas de letras, pasa palabras, formar frases, identificar personaxes....

EDUCACIÓN FÍSICA:

Actividades motrices e de reflexión.

EDUCACIÓN PLÁSTICA:

Actividades creativas cos materiais que teñan na casa e tamén recursos tipo Canvas(facer un cartel para a súa pastelería saudable, concurso logo radio..)

Actividades dirixidas

Metodoloxía

MATERIAS TRONCAIS: Ademais das actividades, mandamos vídeos

	<p>explicativos de elaboración propia ou online.</p> <p>LINGUA ESTRANXEIRA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - vídeos de vocabulario e contos e cancións. - cancións de vocabulario e explicacións gramaticais. <p>Actividades das diferentes destrezas deseñadas pola mestra de inglés subidas ao portal de LiveWorksheets. As actividades de produción oral enviaranse por correo electrónico polas familias.</p> <p>EDUCACIÓN MUSICAL: utilizaremos fundamentalmente actividades prácticas (lúdicas e participativas para compartir en familia) con video-tutoriais explicativos. Nos cursos superiores damos dúas opcións: con instrumento (fauta ou calquera outro dispoñible) ou sen instrumento. Trátase de equilibrar as situacións familiares tan diversas que estamos a vivir. O obxectivo final principal é a produción de obras artísticas, ou repaso de conceptos básicos.</p> <p>EDUCACIÓN PLÁSTICA: Utilizaremos fundamentalmente actividades prácticas e lúdicas. Dándolle liberdade creativa, podendo utilizar tanto os materiais que teñen na casa (trapos, botóns, pinturas, teas, etc.) como recursos dixitais (Canva) para as súas creacións. Trátase de facilitarlle ás familias, na medida do posible, a realización das tarefas para acadar o obxectivo, a produción de obras artísticas e repaso dos conceptos traballados nos dous primeiros trimestres.</p>
<p>Materiais e Recursos</p>	<p>Didácticos:</p> <p>MATERIAIS COMÚNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Materiais curriculares de elaboración propia. - Materiais curriculares de editoriais - Plataforma de editorial (anaya, edubook) - Elaboración de materiais (kahoot, Quizziz, google forms, liveworksheets) - Vídeos explicativos e cancións de Youtube, Vimeo - Vídeos ou gravacións de elaboración propia. - Actividades online <p>LINGUA ESTRANXEIRA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plataforma de editorial (Class Book online) <p>EDUCACIÓN MUSICAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Partituras - Audicións de elaboración propia (utilizando MuseScore, Youtube e Soundcloud) <p>EDUCACIÓN PLÁSTICA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Canva - Plantillas para seguir as indicacións <p>Organizativos: A organización basease nun repaso exhaustivo de todo o traballado, coa finalidade de asentar ben as bases, baixo das directrices da CCP.</p> <p>Persoais: Coordinación do equipo. Así como, recursos externos como é o asesoramento do CFR.</p>

Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado está informado a través das seguintes canles: <ul style="list-style-type: none">-Páxina web do centro e nela aula virtual de descarga.- Correo electrónico do mestre/a.-Abalar- Mensaxeira e informacións.- videoconferencias a través de webex.- Terceiro B: chamadas a través do teléfono propio.
Publicidade	Publicación na páxina web do colexio e información ás familias da súa publicación a través do e mail e do abalar móbil.